



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



territorios



territorios

O **territorio** como un **espazo físico** pero tamén **afectivo** e **biográfico**. Esta é a idea sobre a que o alumnado reflexionará ao longo deste proxecto, realizando para iso diferentes actividades coas que descubrir parte da colección do Museo de Belas Artes da Coruña.

Partindo de obras onde se trata directa ou indirectamente o concepto de territorio, plantexamos unha serie de exercicios nos que, a través dun **corpo teórico**, xeramos unha **investigación propia** sobre a **contorna** de cada centro ou alumno/-a. Unha vez realizada, comezaremos un **proceso creativo** co que plasmar esa información nunha **reinterpretación da peza**, empregando para a súa creación metodoloxías propias da **arte contemporánea**.

Durante este proxecto traballaremos dun xeito transversal aspectos das **ciencias sociais e naturais**, as **artes plásticas** ou a **música**, e aínda que o resultado final sexa importante, primarase en todo momento o proceso creativo.

Conceptos clave

Territorio - Entorno - Memoria - Tradición - Cultura local - Investigación - Proceso creativo
Rexistro - Fontes documentais - Arquivo - Patrimonio material e inmaterial - Patrimonio
subxectivo - Intrahistoria - Transversalidade - Identidade - Ecoloxía - Igualdade

Para quen?

Territorios é un proxecto deseñado para todos os centros educativos de Galicia. Canto máis diferentes sexan cultural e paisaxísticamente os lugares das escolas e institutos que participen, máis ricos serán os resultados das actividades se facemos unha posta en común.

Se ben ten un enfoque xenérico, as actividades resultarán máis doadas para centros rurais ou periféricos.

En canto aos niveis educativos, está enfocado para o alumnado de primaria, a partir do terceiro curso (3º, 4º, 5º e 6º) e todo o de Secundaria (ESO).

O proxecto permite unha execución flexible durante o curso, adaptando o ritmo de entrega das actividades ás necesidades de cada centro.

Como?

Esta proposta está pensada para facer en colaboración directa cos centros educativos. Estes poderán poñerse en contacto co museo a través da páxina web e así inscribirse no proxecto.

Periódicamente, o museo facilitaralle os materiais para desenvolver as actividades: unha presentación da obra cun corpo teórico, vídeos informativos e metodoloxías interactivas coas que traballala, así como as indicacións para poder realizar o exercicio correspondente.

A comunicación será clave, mantendo contacto ao longo do curso mediante correos electrónicos cos que enviar a programación e recibir os seus resultados.

Como peche do proxecto, poderase organizar unha visita presencial ao museo e realizar *in situ* unha actividade conxunta final .



Obras e actividades

1

El boyero castellano, Joaquín Sorolla

Visión da miña vila

A Joaquín Sorolla encargouse un ambicioso proxecto coñecido como *Visión de España*, o cal consistía na realización dunha serie de lenzos de gran tamaño cos que representar as distintas rexións do país. Para levala a cabo, o pintor viaxou por todas elas xuntando obxectos representativos e realizando diferentes bosqueños de cada lugar sobre aquilo que lle parecía característico de cada zona. Partindo desta idea, o alumnado realizará unha pequena estampa adaptada ao formato postal representando o que considere máis senlleiro ou significativo do seu territorio.

2

Vista de A Coruña, Urbano Lugrís

(Re)nomeando o territorio

A *Vista de A Coruña* de Lugo serve como punto de arranque para falar da toponimia. Nesta obra o autor imaxina como sería o aspecto da cidade nunha época na que el aínda non nacera. A cidade herculina foi unha das máximas protagonistas na súa obra, non soamente na plástica senon tamén na escrita. Lugo, facendo uso da gran imaxinación que o caracterizaba, rebautizou a cidade da Coruña como “Percalinópolis”. En *(Re)nomeando o territorio* o alumnado terá que facer unha pequena investigación sobre a toponimia da súa zona e rebautizar algúns dos lugares do seu entorno de xeito imaxinativo.

3

Nora para xentís peixes e xentís soños, Paco Pestana

Ensamblarnos

Unha técnica moi empregada por Paco Pestana na realización das súas obras é a ensamblaxe, empregando para ela obxectos en desuso. En moitas ocasións, estes obxectos formaron parte do seu día a día ou do dos seus veciños, tendo unha función previa, que nalgúns casos, tiña que ver cos oficios da súa contorna. Dun xeito semellante, o alumnado buscará obxectos relacionados co seu territorio (apeiros de traballo, utensilios do fogar, algún tipo de refugallo...) e fará un rexistro dos mesmos con xeolocalización e catalogación. Posteriormente intervirá sobre eles coa ensamblaxe realizando unha peza artística a modo de *ready-made*.

4

Praza da leña, José Seijo Rubio

Mapas emocionais

Os mapas dan unha información obxectiva sobre o territorio; nel aparecen cidades, aldeas, montañas, estradas, ríos... Dun xeito artístico, tamén podemos facer mapas subxectivos nos que se plasmen os lugares que conforman a nosa historia persoal: onde aprendemos a andar en bici, o camiño que facemos cada día para ir á escola, o noso parque ou praza favorita... Tras falar das prazas como espazo multifunción onde o pobo socializa e crea comunidade, abordaremos outras ubicacións importantes para o alumnado ao longo da súa vida. Eses lugares especiais remplazarán os fitos xeográficos no mapa emocional que levarán a cabo durante esta actividade.

5

Tecedeiras e Segador, Fernando Álvarez de Sotomayor

Os oficios da contorna

Aínda que a arte costumista contaba cunha ampla tradición, a partir da segunda metade do século XIX viviu un importante rexurdimento. Nese contexto de cambios sociais, moitos artistas representaron aquilo que estaba en vías de transformación ou desaparición, como o pintor Sotomayor, que deixou nas súas obras constancia dalgunhas profesións tradicionais en Galicia. Os oficios conectan directamente co territorio; non hai as mesmas profesións no interior que na costa, na cidade que na aldea. Neste exercicio, o alumnado fará unha pequena pesquisa sobre esta temática na súa contorna, rexistrando diferentes oficios tradicionais por medio de fotografías ou ilustracións coas que rendir unha homenaxe aos/ás traballadores/-as da súa zona.

6

O vello da zanfona, Isidoro Brocos

Cantar historias

Partindo da escultura *O vello da zanfona* de Brocos, falaremos da música tradicional como patrimonio inmaterial e medio de comunicación. As regueifas, os romances e outras formas musicais serviron para expresar desacordos, inquedanzas ou simplemente retratar a vida cotiá. Na actualidade, isto segue vixente en moitos grupos ou bandas que, independentemente do seu estilo, tratan temas sociais nas súas letras. Coa actividade *Cantar historias* o alumando terá que escoller algún feito da historia local que considere de interés e crear unha pequena composición musical libre coa que transmitir ese feito de xeito cantado.

7

Carnaval, Virxilio Fernández Cañedo

O noso entroido

O entroido en Galicia é unha costume tan antiga como arraigada. Este estoupido de cor, festa e diversión forma parte do noso patrimonio cultural sendo unha das tradicións máis esperadas do ano en moitos lugares. Aínda que é na provincia de Ourense onde se vive con máis intensidade, contamos con ata once entroidos recoñecidos oficialmente como Festa de Interese Turístico, existindo personaxes e celebracións típicas ao longo de todas as provincias. *O noso entroido* é un exercicio de investigación co que coñecer os diferentes personaxes tradicionais que invanden as rúas galegas durante esas datas, facendo fincapé nos máis representativos da contorna: como é o seu traxe, que accesorios levan, como celebran esta festa... para logo recrear a súa imaxe cun traballo conxunto na aula que permita ter un disfraz para o próximo entroido.

8

A danza, Castelao

Imos bailar

As romarías son eventos populares que combinan aspectos como a devoción, a historia, ou a gastronomía. Teñen unha ampla tradición en Galicia e aínda que a maneira de festexar se foi transformando co tempo, a súa esencia mantense nos nosos días. Nesta actividade descubrirán como eran as romarías antigamente, cales se celebraban ou celebran no seu entorno, que xeitos de festexar se manteñen na actualidade e que novas tipoloxías de festas atopamos. Como exercicio, inspirándose nunha romaría tradicional da súa zona crearán unha programación de festas para celebrala incluíndo o deseño gráfico do cartel divulgativo.

9

***Emigrante*, Luis Seoane**

Borrar fronteiras

Luis Seoane foi un home que viviu a emigración en varios momentos da súa vida; dende o seu exilio bonarense representou incansablemente as lembranzas da súa terra. Coa obra *Emigrante* denuncia a realidade social da súa época a través dun exemplo concreto. Moitas familias galegas contan con historias semellantes á da muller representada no cadro, por iso se profundizará no pasado (e tamén no presente) do alumnado para coñecer se hai casos de emigración cos que versionar o lenzo. Tamén se terán que poñer na pel da representada para escribir unha carta dende o exilio na que plasmar as emocións que nacen ao sentirse lonxe da súa terra.

10

***Xuventude*, Julia Minguillón**

Habitar a paisaxe

Na obra *Xuventude* de Julia Minguillón, a natureza non soamente é o fondo da escena representada senon que é parte esencial do cadro. Sabemos que os bosqueiros para esta obra foron realizados no entorno do río Rato, un lugar moi especial para a autora lucense. O vínculo plasmado nesta pintura entre a natureza e a artista deberá ser reinterpretado polo alumnado a través do Land Art, un híbrido entre a escultura e a arquitectura que xorde da arte conceptual e minimalista para crear arte da natureza na natureza, empregando para iso os seus propios materiais (pedras, terra, ramas, area...) e a súa ubicación no entorno natural. Cunha pequena acción que non perxudique o medio, o alumnado terá que crear unha obra significativa nun espazo natural especial por algún motivo.



visita ao museo

Para finalizar este proxecto, convidamos aos centros a visitar o museo e realizar presencialmente unha actividade de peche adaptada aos seus intereses. Esta proposta final pode ser deseñada conxuntamente co profesorado, creando unha así unha dinámica personalizada.

The background of the page is a light grey color, decorated with abstract, hand-drawn style lines. These include several sets of concentric circles and larger, irregular wavy lines that sweep across the page. Some of these lines are solid, while others are dashed, creating a layered and organic visual texture.

Territorios é un proxecto deseñado por
Laura Domínguez Estévez, Sara Fraga Pérez e Lucía Hidalgo Portomeñe
para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña